

**EPAPU EDUARDO PONDAL CURSO ESCOLAR 2024-2025**

**DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA**

**Profesor: Juan Manuel Fernández Torres**

## **GUÍA BREVE DA MATERIA DE HISTORIA DA FILOSOFÍA DE 2º CURSO DE BACHARELATO.**

A presente guía pretende ser un instrumento para facilitar ao alumnado o percorrido pola materia, de modo que poida seguila para acadar un resultado positivo. Pode que sexa preciso facer algunha modificación nela ao longo do curso, tendo en conta a heteroxeneidade e o ritmo do noso alumnado, así como outros factores diferentes.

### **1. METODOLOXÍA**

É moi importante a asistencia á clase regularmente, xa que facilita avanzar e comprender mellor os contidos. Ademais, o alumnado debe traballar pola súa conta 2-3 horas semanais (ou aquelas que sexan imprescindibles) para aplicar e reforzar os coñecementos adquiridos.

O alumnado poderá resolver dúbidas nas titorías de orientación.

### **2. MATERIAIS E RECURSOS**

O alumnado terá na aula virtual, distribuído por temas e avaliacións, os apuntamentos que se usarán no presente curso.

Seguiranse as instrucións e estrutura das ABAU para a realización de actividades de comentario de textos e demais preguntas teóricas.

(É conveniente consultar a páxina da CIUG)

Outros materiais complementarios de índole variada poden ser compartidos nas clases presenciais ou a través da Aula virtual do centro.

Como manual de referencia sinalamos o libro de HISTORIA DA FILOSOFÍA da editorial ANAYA (D.Sánchez Meca e J.D.Mateu Alonso)

### **3. TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓN**

#### **CONTIDOS**

#### **PRIMEIRA AVALIACIÓN.**

#### **BLOQUE 1**

#### **Unidade 1: O pensamento grego. Presocráticos, Sócrates, Sofistas e Platón.**

- a) Contextualización histórica e orixe da filosofía.
- b) Os presocráticos. Os sofistas e Sócrates.
- c) Platón:
  - Vida e obras. A influencia dos filósofos anteriores. -A concepción da natureza e a teoría das ideas.
  - O problema do coñecemento.
  - A antropoloxía e a teoría da alma.
  - A ética.
  - A política e a educación.

## **Unidade 2: O pensamento grego. Aristóteles.**

- a) Vida, obras e influencia dos filósofos anteriores.
- b) A metafísica e a filosofía da natureza
- c) O coñecemento e a lóxica. Crítica a Platón.
- d) A antropoloxía
- e) A ética
- f) A política
- g) A influencia de Platón e Aristóteles.

## **Unidade 3: O pensamento medieval: Agustín de Hipona.**

- a) A conversión. O triunfo do cristianismo.
- b) Fe e razón, cristianismo e filosofía. A iluminación.
- c) A creación e o tempo.
- d) Pecado, graza e predestinación.
- e) A cidade de Deus e a historia.
- f) Influencia de Agustín

## **Unidade 4: O pensamento medieval: Tomé de Aquino**

- a) Contextualización do pensamento de Aquino
- b) O aristotelismo de Aquino. Averroísmo latino.
- c) O problema da razón e da fe.
- d) A estrutura da realidade. La creación.
- e) A demostración da existencia de Deus. As vías.
- f) A antropoloxía tomista
- g) A ética e a política.

**SEGUNDA AVALIACIÓN**

## BLOQUE 2

### Unidade 5 : O pensamento moderno: a ciencia moderna e o racionalismo. Descartes.

- a) A nova ciencia e a súa influencia na filosofía moderna.
- b) Contexto socio-histórico do pensamento cartesiano.
- c) O racionalismo
- d) Descartes: vida, obras e influxos.
- e) O método cartesiano.
- f) As ideas e a existencia de Deus.
- g) A estrutura da realidade.
- h) O mecanicismo cartesiano.
- i) A antropoloxía e a ética.

**5.1. Hume:** teoría do coñecemento. Substancia e causalidade.

**5.2. Locke:** teoría política. Estado de natureza e civil.

### Unidade 6: O pensamento contemporáneo: a Ilustración. Kant.

- a) Que é a Ilustración? Contexto
- b) Vida e obra.
- c) Intereses esenciais da razón. As preguntas kantianas.
- d) A crítica da razón pura. A teoría do coñecemento.
- e) A crítica da razón práctica. A ética kantiana.

### TERCEIRA AVALIACIÓN

## BLOQUE TRES

**Unidade 7: O pensamento contemporáneo: dialéctica e materialismo en Marx.**

- a) Marx como crítico da cultura. Contexto.
- b) A definición da desorde social. Alienación e ideoloxía.
- c) A teoría do materialismo histórico e dialéctico.
- d) A loita de clases.
- e) A ordenación política da produción. Plusvalía.

### **Unidade 8: O pensamento contemporáneo: O vitalismo: Nietzsche.**

- a) Biografía
- b) A filosofía do martelo.
- c) O nihilismo e a transmutación dos valores.
- d) A vontade de poder, o superhome e o eterno retorno.
- e) Influencia de Nietzsche.

#### **4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

Para avaliar a aprendizaxe dos alumnos levarase a cabo unha proba escrita ao final de cada avaliación e teranse en conta os seguintes criterios

1. O nivel de coñecementos relacionados coa época histórica, autores e pensamentos de cada un dos autores e temas vistos en cada avaliación.
2. A capacidade de comprensión, resumo e exposición das diferentes cuestións elaboradas polo alumnado en cada proba escrita.
3. A expresión e corrección ortográfica e expositiva desenvolvida polo alumnado nestas probas.

#### **4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DE APRENDIZAXE**

Consideramos que a avaliación debe ser aberta e ter en conta varios aspectos entre os que prevalecen os seguintes:

- 1.- Probas de control do aprendizaxe: ao final da cada avaliación o alumno deberá realizar unha proba escrita na que se determinará, baixo os criterios xerais de avaliación e os criterios específicos de avaliación das unidades obxecto de exame, o seu dominio dos contidos.
- 2.- O alumnado que non se presente a algunha das probas de avaliación (serán tres) poderá presentarse a proba final.
- 3.-As probas consistirán nun exame tipo ABAU: comentario de texto e pregunta temática a desenvolver ou diversas cuestión sobre conceptos filosóficos.
- 4.- Para aprobar o alumno deberá obter unha cualificación de cinco (5) puntos.
- 5.- Ademais dos coñecementos avaliaranse a ortografía, a redacción, a argumentación e a claridade expositiva.
- 6.- A nota final deducirase da media aritmética dos resultados das avaliacións.
7. O exame final será de recuperación das avaliacións que cada alumno teña pendentes. Formularanse unhas serie de preguntas por cada unha das tres avaliacións e o alumno contestará ás que teña que recuperar.
8. Na avaliación extraordinaria de xuño seguiranse os criterios de

avaliación das probas ABAU.

**Mínimos esixibles e criterios de avaliación de cada unidade didáctica. Contribución ás competencias básicas.**

**UNIDADE 1. Presocráticos, Sócrates, Sofistas e Platón.**

**Contidos mínimos:**

Nesta unidade acharás dúas partes ben diferenciadas: unha dedicada ás orixes da filosofía grega, e outra centrada en Platón.

**1.- As orixes da filosofía grega.**

Aquí deberás precisar con claridade:

a.- Cómo se produce o paso do mito ao logos nos filósofos presocráticos, e os seus intentos de explicar racionalmente a natureza.

b.- O xiro antropolóxico que se produce na filosofía grega cos sofistas e con Sócrates, e comprender o seu papel e significado na democracia ateniense.

## **2.- Platón**

No seu estudo deberás centrar con precisión:

a.-O significado da súa Teoría das ideas como núcleo que vertebra todo o seu pensamento.

b.-A Teoría do coñecemento

c.- A explicación da teoría cosmolóxica do universo

d.-A concepción do home

a.- A concepción da sociedade

### **CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS**

1.- Competencia de coñecemento e interacción co mundo físico: nas reflexións do filósofos presocráticos acerca da fisis.

2.- Competencia social e cidadá: a democracia como impulso da reflexión acerca da sociedade e o home

3.- Competencia cultural: valorar a influencia cultural do platonismo.

### **Criterios de avaliación**

Unha vez estudado o tema deberías ser quen de:

- Determinar os trazos específicos da explicación da natureza emprendida polos presocráticos, e comprender as razóns e sentido dos diferentes intentos realizados polos mesmos
- Situar aos sofistas dentro da democracia ateniense e recoñecer



as súas achegas

- Identificar os principais problemas que enfrontan a Sócrates cos sofistas, e sinalar as súas diferenzas fundamentais.
- Explicar as razóns que levan a Platón a formular a teoría das ideas, e expor con precisión os conceptos básicos da mesma.
- Relacionar a teoría do coñecemento de Platón coa teoría das ideas.
- Determinar os trazos esenciais da concepción antropolóxica e política de Platón, establecendo a súa relación coa a ética.
- Relacionar o seu pensamento co dos presocráticos, sofistas e Sócrates.

## **UNIDADE 2: ARISTÓTELES**

### **Contidos mínimos**

Esta unidade está centrada no estudo do pensamento de Aristóteles.

#### **A.- Aristóteles**

No seu estudo deberás prestar especial atención a:

1.- Precisar con claridade as principais teorías e conceptos formulados na súa explicación da realidade:

a.- Substancia-Accidente

b.- Hilemorfismo

c.-Potencia-acto

d.- Teoría das causas,etc.

2.- A teoría ética e política:

a.-Concepción do ben e das virtudes

b.-Concepción da sociedade

c.-Análise das distintas formas de goberno

3.- Delimitación e caracterización do novo enfoque filosófico fronte ao platonismo anterior: negación da teoría das ideas, empirismo,etc.

## **CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS**

1.- Competencia en matemática: a lóxica como un invento aristotélico.

2.- Competencia en coñecemento do mundo físico: Aristóteles como o primeiro filósofo sistematizador do coñecemento científico.

### **Criterios de avaliación**

- Definir con precisión os principais esquemas conceptuais elaborados por Aristóteles para explicar a realidade.
- Determinar os trazos esenciais da concepción ética de Aristóteles, establecendo a súa relación coa concepción antropolóxica hilemórfica.

- Analizar as distintas formas de goberno estudadas por Aristóteles e os criterios estudados para a súa valoración.

### **UNIDADE 3: AGUSTÍN DE HIPONA**

#### **Contidos mínimos**

- 1.- Dominar as consideracións de Agustín acerca da relación razón-fe.
- 2.- Entender o concepto de iluminación.
- 3.- Dominar o sentido das dúas cidades e o concepto de historia.

#### **CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS**

- 1.- Competencia cultural: apreciar a importancia de influencia do cristianismo na historia de occidente.
- 2.- Competencia de autonomía: valorar o novo concepto de persoa que postula Agustín.

#### **Criterios de avaliación**

- 1.- Saber definir e relacionar os conceptos agustinianos.
- 2.- Dominar a importancia de Agustín na filosofía cristiá
- 3.- Saber determinar as influencias exercidas e recibidas por Agustín.

## **UNIDADE 4 : SANTO TOMÉ DE AQUINO**

### **Contidos mínimos**

- 1.- A recepción de Aristóteles no Occidente cristián e as diversas reaccións que suscita: averroísmo latino, síntese e reinterpretación tomista.
- 2.-O problema da relación entre razón e fe; posición tomista
- 3.-A existencia de Deus e os seus atributos
- 4.- Concepción antropolóxica
- 5.-A teoría do coñecemento
- 6.-A moral e o dereito: relación entre lei eterna, lei natural e lei positiva.

### **CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS**

- 1.- Competencia en comunicación lingüística: enriquecer o léxico aportando a terminoloxía filosófica do tomismo.
- 2.- Competencia social e cidadá: valorar a influencia actual do tomismo no ámbito do catolicismo.

### **Criterios de avaliación**

- Situar con precisión o pensamento de Tomé de Aquino dentro da escolástica cristiá.

-Identificar os principais elementos aristotélicos incorporados a súa síntese.

-Determinar os trazos esenciais da súa posición no problema razón-fe.

-Analizar os distintos argumentos para a demostración da existencia de Deus.

-Identificar os trazos esenciais da súa proposta ética e precisar as relacións entre moral e dereito formuladas por Tomé de Aquino.

## **UNIDADE 5: R. DESCARTES, HUME E LOCKE.**

### **Contidos mínimos**

Con Descartes iníciase a filosofía moderna na súa versión racionalista. No estudo deste tema deberás centrarte especialmente nos seguintes puntos:

1.- Características do Racionalismo

2.- Características do Empirismo

3.- Proxecto cartesiano e o problema do método

4.- A dúbida cartesiana e a súa superación: o cogito, Deus e a substancia material

5.- O dualismo antropolóxico e as súas consecuencias

6.- A teoría do coñecemento de Hume.

7.- A teoría política de Locke.

## **CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS**

1.-Competencia no coñecemento do mundo físico: ampliar a nosa visión da realidade a partir da revolución científica.

2.- Competencia autónoma: Descartes como o pai da reflexión acerca de nos mesmos.

### **Criterios de avaliación**

-Identificar os trazos diferenciais do Racionalismo e do Empirismo

-Reconstruír a situación intelectual de Descartes e o seu proxecto

-Analizar a orixe das regras do método e as súas consecuencias.

-Analizar as características da dúbida cartesiana e as razóns para dúbida.

-Identificar os trazos fundamentais do cogito e a súa función

-Analizar a función de Deus na metafísica cartesiana

-Formular con precisión o problema da comunicación entre corpo e alma, e as súas consecuencias.

## **UNIDADE 6: KANT**

### **Contidos mínimos**

1.- Dominar o concepto de Ilustración

2.- Saber explicar o sentido das catro preguntas kantianas.

3.- Entender a teoría do coñecemento de Kant.

4.- Dominar a terminoloxía kantiana.

5.- Entender a teoría ética e dominar a terminoloxía.

### **CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS**

1.- Competencia de tratamento da información: a teoría do coñecemento de Kant como base para entender mellor o noso procesamento de información.

2.- Competencia da autonomía: a ética de Kant como fundamento da conciencia cidadá.

### **Criterios de avaliación**

1. Dominar o sentido dos textos kantianos
2. Saber interrelacionar os conceptos
3. Saber relacionar o autor con outros autores.

## **UNIDADE 7: KARL MARX**

### **Contidos mínimos**

A presente unidade preséntache os aspectos básicos da obra de Marx a partir dos seus precursores máis inmediatos, Hegel e Fierbach.

Haberás de centrar a túa atención sobre todo nos seguintes aspectos:

1.- Os presupostos teóricos do idealismo hegeliano.

2.- A dupla dimensión da dialéctica, como estrutura da realidade e como método para a súa comprensión intelectual.

3.- A caracterización do sistema e a dobre interpretación do mesmo pola dereita e a esquerda hegeliana, centrándose no materialismo de L. Fierbach.

4.-O materialismo dialéctico de Engels

5.- O materialismo histórico de Marx coas nocións de alienación, teoría, praxe.

6.- A plusvalía.

## **CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS**

1.- Competencia social e cidadá: o marxismo como forza fundamental na consecución do estado de dereito.

2.- Competencia no coñecemento do mundo físico: o materialismo como base dunha nova visión da realidade.

### **Criterios de avaliación**

- Precisar as teses fundamentais de Hegel e comprender os presupostos nos que se basean
- Caracterizar a dobre dimensión da dialéctica hegeliana
- Caracterizar e comprender o sistema hegeliano e precisar as diferentes interpretacións do mesmo pola dereita e a esquerda hegeliana
- Precisar e comprender o materialismo de Fierbach



- Comprender os conceptos básicos do materialismo histórico .  
Infraestrutura económica, estrutura socio-política e  
superestrutura cultural, na súa mutua interacción.
- Comprender a noción de “alienación” e caracterizar as súas  
variantes
- Precisar o sentido específico das nocións marxistas de Teoría e Praxe e  
comprender a seu uso crítico fronte a Hegel e os xoves  
hegelianos. Teses sobre Feuerbach.

## **UNIDADE 8: NIETZSCHE**

### **Contidos mínimos**

A unidade que vas abordar trata de sintetizar a filosofía de Nietzsche.  
Haberás de atender sobre todo os aspectos seguintes:

- 1.- As nocións de Dionisiaco e Apolíneo como estruturadoras da  
cultura occidental
  - 2.- A morte de Deus e o Nihilismo
  - 3.- A superación do nihilismo: o superhome
  - 4.- O eterno retorno
  - 5.- A vontade de poder
  - 6.- A crítica á cultura occidental nunha triple dimensión: o  
racionalismo, o cristianismo e a orde dos valores vixentes.
- CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS**

1.- Competencia do coñecemento do mundo físico: o vitalismo como mirada optimista e materialista da realidade.

2.- Competencia autónoma: reivindicación do protagonismo do ser humano por encima de Deus

### **Criterios de avaliación**

- Comprender as nocións de dionisiaco e do apolíneo e a articulación entre ambos como tensión e a vez harmonía en unidade trágica.
- Comprender a interpretación nietzscheana da evolución da cultura europea como un desequilibrio desta unidade trágica en detrimento da vida.
- Comprender a morte de Deus e o nihilismo como dous fenómenos en íntima relación.
  - Interpretar o concepto de superhome como un símbolo da superación do nihilismo e como afirmación do novo sentido da vida.
  - Precisar e comprender a noción de eterno retorno
- Precisar o concepto de vontade de poder e interpretala como un corolario lóxico da idea de superhome.
- Precisar os eixes básicos da crítica nietzscheana á cultura occidental para comprender a súa proposta de unha inversión de valores.

ESTÁNDARES HISTORIA DA FILOSOFÍA CURSO 2022-2023

A ORIXE DO COSMOS NA CORRENTE PRESOCRÁTICA.  
DIALÉCTICA SOCRÁTICA E RELATIVISMO DOS SOFISTAS.  
REALIDADE E COÑECEMENTO EN PLATÓN.  
PLATÓN: ANTROPOLOXÍA E POLÍTICA.  
FÍSICA E METAFÍSICA EN ARISTÓTELES.  
ÉTICA E POLÍTICA EN ARISTÓTELES.  
O PROBLEMA RAZÓN/FE NA FILOSOFÍA MEDIEVAL.

## **B) FILOSOFÍA MODERNA**

DESCARTES: O PROBLEMA DO MÉTODO E A EVIDENCIA DO COGITO.  
O LIBERALISMO POLÍTICO DE LOCKE.  
HUME: CRÍTICA DAS IDEAS DE SUSTANCIA E CAUSALIDADE.  
RAZÓN E PROGRESO NA ILUSTRACIÓN.  
OS LÍMITES DO COÑECEMENTO EN KANT.  
A LEI MORAL EN KANT.

## **C) FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA**

ALIENACIÓN E IDEOLOXÍA EN MARX.  
NIETZSCHE: CRÍTICA DA CULTURA OCCIDENTAL.

A Coruña, 11 de setembro de 2024